



CONCELLO DE VIGO
CONTRATACIÓN

ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN DE 06 DE XUÑO DE 2016

Na Sala de reunións do servizo de Contratación da Casa do Concello de Vigo, as 09:10 horas do día 06 de xuño de 2016, reúnese a mesa de Contratación do concello de Vigo convocada polo Presidente o día 03-06-2016, para tratar os asuntos do orde do día que figuran en dita convocatoria.

Asisten á reunión da Mesa de Contratación:

Presidente: D. David Regades Fernández

Vocais:

D. Pablo Olmos Pita
Dna. Catalina Alfayate Rodríguez
D. Manuel Xosé Lorenzo Penela
Dna. Cristina Gómez (asiste ao punto 4 a)

Secretario: D. José Manuel Vieites Alén

1.-Entrega dos informes de valoración dos criterios de adxudicación nos procedementos abertos, negociados e restrinxidos

a) Procedemento aberto para a contratación do renting de vehículos para a Policía Local (expediente 43577-212).

Faise entrega do informe do xefe de Area de Seguridade de 02-06-2016 dos criterios de valorables mediante xuízo de valor e clasificación de ofertas.

2-Estudo e, no seu caso, aceptación dos informes de valoración dos criterios de adxudicación nos procedementos abertos, negociados e restrinxidos.

a) Procedemento aberto para a contratación do renting de vehículos para a Policía Local (expediente 43577-212).

Acceptase o informe do xefe de Area de Seguridade de 02-06-2016 dos criterios de valorables mediante xuízo de valor e clasificación de ofertas.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 21/05/2024 03:43	Páxina 1 de 5
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A1AE4B-E3C24C-3EB1BB-9A4ESR-K1TKKY-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

3.- Propostas de clasificación

a) Procedemento aberto para a contratación do renting de vehículos para a Policía Local (expediente 43577-212).

Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación e dos informes de valoración das ofertas presentadas, se propón á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2º TRLCSP), a adopción do seguinte acordo:

“ Primeiro: de acordo coa proposta da Mesa de Contratación de data 25 de maio de 2016 se exclue da clasificación a oferta presentada por Autos Iglesias S.l por considerar que contén valores anormais ou desproporcionados.

“Segundo.- - Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas no “procedemento aberto para a contratación do renting de vehículos para a Policía Local (expediente 43577-212)” no seguinte orde decrecente:

1º.- BANCO SANTANDER S.A.: 59,50 PUNTOS

2º.- BBVA AUTORENTING: 36,86 PUNTOS

Terceiro.- Requiritr ao licitador clasificado en primeiro lugar, BANCO SANTANDER S.A. para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel en que recibise o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.2 TRLCSP):

- Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
- Certificacións de acharse ao corrente das súas obrigacións tributarias co Estado, Xunta de Galicia e coa Seguridade Social.
- A documentación esixida na cláusula 8 e 21 do prego de cláusulas administrativas particulares.
- Resgado da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 22 do prego de cláusulas administrativas particulares.

Cuarto.- Requiritr ao citado licitador o aboamento de 1466,82 euros en concepto de custe dos anuncios de licitación”.

4.- Propostas de adxudicación.

a) Procedemento aberto para a contratación do servizo de atención domiciliaria a Infancia (expediente 6749-224).

LEXISLACIÓN APLICABLE

Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público (TRLCSP).

Real Decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público (RLCSP).



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 21/05/2024 03:43	Páxina 2 de 5
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A1AE4B-E3C24C-3EB1BB-9A4ESR-K1TKKY-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO CONTRATACIÓN

Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que no se opoña ó Real Decreto Lexislativo 3/2011.

Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación do servizo de atención domiciliaria a Infancia (expediente 6749-224)

ANTECEDENTES

Primeiro.- A a Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria do **27 de maio de 2016**, adoptou o seguinte acordo:

“ Primeiro: Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas no “procedemento aberto para a contratación do servizo de atención domiciliaria a infancia. (expediente 6749-224)..” no seguinte orde decrecente:

Mulleres Progresistas de Vigo 90 puntos.

Segundo.- Requerir ao licitador clasificado en primeiro lugar, Mulleres Progresistas de Vigo para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel en que recibise o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.2 TRLCSP):

- Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
- Certificacións de acharse ao corrente das súas obrigacións tributarias co Estado, Xunta de Galicia e coa Seguridade Social.
- A documentación esixida na cláusula 8 e 21 do prego de cláusulas administrativas particulares.
- Resgado da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 22 do prego de cláusulas administrativas particulares.

Terceiro.- Requerir ao citado licitador o aboamento de 643,36 euros en concepto de custe dos anuncios de licitación”.

Segundo.- Este acordo foi notificado ó licitador clasificado en primeiro lugar Mulleres Progresistas de Vigo, o día 27 de maio de 2016, que presenta a documentación requirida en data 01 de xuño 2016, dentro do prazo sinalado.

Terceiro.- A mesa de Contratación celebrada o 06 de xuño de 2016 comprobou que a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar, Mulleres



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 21/05/2024 03:43	Páxina 3 de 5
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A1AE4B-E3C24C-3EB1BB-9A4ESR-K1TKKY-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Progresistas de Vigo é a requerida polo órgano de contratación como necesaria para a adxudicación do contrato, polo que a mesa propuso ó órgano de contratación a adxudicación do presente procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ó órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase ós licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante (artigo 151.4 TRLCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primer lugar como a solicitada de oficio pola administración municipal, e comprobado que esta é correcta, procede adxudicar o presente contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de contratación. A proposta se realizará a favor do licitador que presente a proposición que contivese a oferta economicamente máis vantaxosa de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexe a licitación (artigo 22.1.g RLCSP).

A primeira oferta economicamente máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por Mulleres Progresistas de Vigo.

Terceiro.- A competencia para a resolución do presente expediente correspóndelle á Xunta de Goberno Local (apartado 3 da disposición adicional segunda do TRLCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En mérito ó que antecede, se propón á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Adxudicar a Mulleres Progresistas de Vigo, o Procedemento aberto para a contratación do servizo de atención domiciliaria a Infancia (expediente 6749-224), por un prezo de 316.396,86 euros e un prezo/ hora para a prestación do servizo de 15,25 euros (sen IVE) e coas seguintes prestacións adicionais:

- 60 horas de prestación do servizo ao mesmo prezo ofertado na licitación, pero que se desenvolveran en horario de 23:00 a 07:00 horas de luns a venres e de 00:00 a 24:00 en fins de semana.
- Comprométese a efectuar 510 horas de prestación do servizo ao ano sen custe para o Concello.

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada.”

Non tendo máis asuntos que tratar, o presidente declara finalizada a sesión as 09:20 horas. De todo elo eu secretario dou fe.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 21/05/2024 03:43	Páxina 4 de 5
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A1AE4B-E3C24C-3EB1BB-9A4ESR-K1TKKY-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO
CONTRATACIÓN

V.e Pr.

O Presidente da Mesa

O Secretario

D. David Regades Fernández

D. José Manuel Vieites Alén



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 21/05/2024 03:43	Páxina 5 de 5
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A1AE4B-E3C24C-3EB1BB-9A4ESR-K1TKKY-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		